

O. ROTEIRO UN

DIARIO DE RUTA, SAÍDA AO MONTE DE SAN FIZ (SAN MARTIÑO DE AMARANTE OU SAN MARTIÑO DO CASTRO, ANTAS DE ULLA)

A subida ao Monte de San Fiz foi a primeira saída oficial do IEU, aínda que oficiosamente os organizadores sabemos que foi a segunda porque a Prehistoria deste relato viaxeiro constitúeo a viaxe a Fente.

A razón de escoller este sitio senlleiro para iniciar a nosa andaina propuxoa don Carlos, o cura de Monterroso, malia que agora sexa don Manuel Otero Méndez o párroco do antedito lugar. Hai nomes que fican con un mentres perdura a vida. Así de complexos somos os humanos!

A verdade é que a elección estivo moi axeitada. Que mellor que comenazar a noso percorrido viaxeiro que por uns restos elaborados polos nosos antepasados de fai miles de anos!

Francisco Pardo, don Carlos e a que escribe eramos conscientes da importancia de poder contar nesta quenda coa nosa conveciña Cristina Varela Cadahía, pois ela é, sen lugar a dúbidas, a persoa da bisbarra cun maior coñecemento nas nosas estacións rupestres. Propuxémoslle que nos servira de guía e estivo presta ao noso requirimento.

Concretouse unha data e publicouse a convocatoria. O día indicado foi o domingo dous de xullo e a hora as dez da mañá. Cristina insistiuos moito en que debiamos ir cedo porque senón co exceso lumínico das horas lindeiras do mediodía perderíamos nitidez e visibilidade.

Xuntámonos na praza do edificio consistorial de Antas de Ulla e tal como marca a tradición galega, celebramos o atoparnos no sitio elixido cuns cafés de mañanciña que nos servirían para conservar os folgos alí na cima do monte a carón das dúas da tarde.

Cristina, don Carlos, Xurxo Mouriño, Braulio e máis eu fomos dos últimos en chegar ao punto convido. De feito, cando alcanzamos a praza xa estaban agardando Francisco e Bernardino Pardo, Carmen R. del Toro e Sabela Sureda.

Dende Seoane dirixímonos cara a San Martiño nos coches. Aparcamos nunha pista a uns centos de metros do Monte San Fiz e... Sorpresa! Non estaba previsto que tivéramos guía de botánica pero andamos poucos pasos cando Xurxo nos comezou a mostrar especies e máis especies botánicas que, a dicir verdade, polo menos unha servidora, descoñecía o seu nome. De cando en vez saía dun ou doutro lado do camiño algún paxaro, tamén este era identificado con afouteza por Xurxo e aínda por Cristina quen igualmente demostrou ser boa coñecedora da ornitoloxía.

A verdade, non podíamos ir mellor acompañados! Xurxo levaba consigo uns prismáticos para mellor albiscar cada un dos seus descubrimentos.

Con determinación Cristina guiounos polo monte con exactitude profesional. Pódeselle antollar a calquera que é tarefa ben doada, máis non. Achar uns gravados sobre rochas nun monte non é sinxelo sen alguén coñecedor do sitio para acompañarnos. Anos atrás quedan experiencias na procura dun penedo con incisións entre Marzán e Irixte e con menos sorte e intelixencia que Teseo no labirinto do Minotauro non fun quen de achalo. En fin...

A primeira rocha a que chegamos é Pena de Chaos. Que dicir dela? Os que non a coñecíamos, que eramos a maioría, quedámonos marabillados. Manifestacións artísticas coma estas fannos conscientes da relatividade do tempo e do minúscula que é unha vida humana.

Alí estaba O Farelo ofrecéndonos toda a súa virxindade cautiva nas súas armazóns pétreas a carón do Ulla e do Arnego nunha chaira extensa estremeira entre as provincias de Lugo e de Pontevedra.

Que lle importan ao Farelo as modernas divisións administrativas! El que viu pasar a centos de xeracións, que serviu de acubillo, de berce e de alimento a outras tantas! Que se para un lado da derrega se denomina A Golada e para o outro Antas de Ulla, ben pouca cousa é en comparanza de toda a “Historia” (en maiúscula) e historias das que o monte podería ser testemuña certa. Se falara... Falan por el as inscricións pétreas.

Pena de Chaos é maxestosa. Dende ela domínase un altiplano no que se atopan os demais penedos que visitaríamos: Penas Malvís, O Cuartel da Ruxida e tamén a que está inmediata ao tanque da traída de auga do rego Vilanova á cal o grupo de investigación de Costas Goberna denomina como “grupo II de Monte Chaos”.

Círculos concéntricos, algúns con sucos radiales, outros non; coviñas; distintos trazados laberintiformes, etc. Un luxo para os sentidos e unha mágoa non poder conectar co mundo simbólico deses antepasados para quen tiñan unha especial significación.

Comezamos a buscarlles unha interpretación pero malia que todos os presentes tiñamos lido algo ó respecto ninguén tiña a clave. Barallamos, entre outras posibilidades, a certeza de que contaron cun certo carácter simbólico- espiritual vinculado coas crenzas do grupo que as viu nacer e da importancia que tiñan que contar para a comunidade pois a súa elaboración esixía a dedicación dunha cantidade importante de tempo, tendo en conta a disposición de medios ó seu alcance.

Tamén comentamos a posibilidade de que tiveran que ver coas ansias de transcendencia e coa preocupación polo paso do tempo. Esta podería ser unha das razóns que xustificaría o emprego dun soporte aparentemente eterno dende o punto de vista dunha vida humana. Poderían simbolizar ser a arela de eternizarse?

Tamén falamos de se puido tratarse dun altar de ofrendas e rituais. Igualmente tratamos de poñelo en relación co calendario astral. Quizais eran unhas simples sinalizacións de termo?

Non obtivemos unha resposta convincente, todas as expostas nos tiñan cabida e polo tanto o enigma seguía servido.

Nesas ganas de darmos co código para poder descifrar tales representacións artísticas monumentais matinamos en cómo serían os humanos que as trazaron, cómo vivirían. Descoñecíamos as súas pautas de comportamentos, o seu universo cultural e espiritual, a concepción da súa contorna, de si mesmos como homínidos... Estábamos de acordo nalgúns

aspectos básicos como é a importancia que para eles tiñan que ter os fenómenos atmosféricos e demais prodixios naturais como o día e a noite, o cambio das estacións...

Fixemos referencia a que algunhas outras estacións arqueolóxicas están vencelladas con mitos e lendas populares pero ningún dos presentes coñecía as existentes respecto do Monte de San Fiz no Farelo.

Aludimos ao profundo da labra que foi quen de permanecer miles de anos.

Miramos a súa orientación principalmente leste, se tería que ver co solsticio ou co equinoccio, se gardaban unha liña, se podían estar marcando un vieiro...

Estaba claro que dende a nosa maneira de relacionarnos co mundo de persoas do século XXI era moi difícil acercarnos ás perspectivas ideolóxicas dos habitantes da Idade do Bronce que xustificaron o gravado destas penas.

Malia todas as dúbidas xurdidas, a visita estaba sendo un éxito, incluídos algúns tropezoños, algunhas pequenas caídas sen importancia. Todos estábamos de acordo en que eramos culturalmente máis ricos co inicio da xornada. O non saber interpretar o significado do que acabábamos de ver non nos amolou, antes ben, abriunos a porta a esa inquietude por saber máis, por investigar, por comparar... que xulgamos como algo positivo porque grazas a ese amor por coñecer é como se producen os descubrimentos e os avances na ciencia.

Fora unha mañanciña espectacular, era a hora do xantar e non habíamos présa de saír do monte. Estabamos a gusto no mesmo. Parecía que sentiamos a vibración interna da terra. Estaríamos no ónfalo?

A carón das dúas iniciamos a camiñada que nos alonxaba do monte. Atrás deixabamos unha estación rupestre pero con nós levábase moitos recordos e inquedanzas. Na memoria permanecerían as imaxes daqueles círculos envolventes, as diaclases das rochas, a marca en forma de cruz latina (moi posterior no tempo ó resto das incisións pétreas vistas) para distinguir

dous territorios, o eco e os sons do Cuartel da Ruxida, a sensación de paz que nos invadiu...

Baixamos cara ós coches falando en grupiños, baixo. No que Bernardino e eu iamos comentábase como, a miúdo, a presenza de folclore delata a existencia dalgún resto artístico, frecuentemente prehistórico.

-Adeus, vémonos na seguinte. Recordade que esta vez lle toca a Sirgal pero ese xa será outro roteiro. Memorias!

María José Gómez Alvite

9/07/2017

